

PLENO 30 MARZO 2001. REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DAS PATRULLAS VERDES (BOP 11-07-01)

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DAS PATRULLAS VERDES.

INTRODUCCIÓN:

O Concello debe ser un potente axente da Extratexia Galega de Educación Ambiental en tanto que recaen nel responsabilidades na planificación, xestión e desenvolvemento de múltiples cuestións como a ordenación do territorio, a regulación do transporte, o deseño dos servizos públicos, a xestión dos residuos, etc..... A información, a educación e a capacitación dos cidadáns para realizar axeitadamente as actuacións que directa ou indirectamente inciden sobre o ambiente debe formar parte integrante na xestión local dos campos mencionados.

O Concello pode amplia-las súas funcións informativas e formativas proponendo actuacións dirixidas a orientar e asesorar en educación ambiental para facilita-los procesos metodolóxicos relacionados coa educación ambiental.

Apoiándonos na Estratexia Galega de Educación Ambiental (Resolución de 3 de outubro de 2000 – DOGA N° 205 de 23/10/2000), e na Estratexia Galega de Xestión de Residuos (Resolución de 10 de novembro de 2000 – DOGA N° 236 DE 05/12/2000), decidimos crear as PATRULLAS VERDES.

CONCEPTO

Art.1º.- As Patrullas Verdes, serán un grupo persoas físicas ou individuais (preferentemente escolares) que sexan veciños/as ou residan no Concello de Caldas de Reis, que de xeito voluntario teñan inquiredanzas na defensa e protección de medio ambiente. Dependerán en todo momento do Concello de Caldas de Reis, por ser de carácter municipal, polo que estarán presididas polo Alcalde de Caldas de Reis, o cal poderá delegar no concelleiro de Medio Ambiente, ou no seu defecto nun funcionario que pertenza o Departamento de Medio Ambiente do Concello, dando conta de tal nomeamento ó Pleno do Concello.

Art 2º.- A organización e funcionamento das Patrullas Verdes, estarán encadradas dentro das Extratexias Galegas de Educación Ambiental e de Xestión de Residuos.

Art 3º.- A vinculación dos compoñentes das Patrullas Verdes co Concello non ten carácter de relación laboral ou administrativa senón só de carácter voluntario.

Artº 4º.- A incorporación as Patrullas Verdes farase sempre en virtude de solicitude do interesado/a, e co compromiso de aceptar e coñece-lo contido Regulamento.

Artº 5º.- Poderán incorporarse as Patrullas Verdes como voluntarios tódolos veciños/as (preferentemente escolares) en idade comprendida dende os 12 anos en adiante. As persoas en idades comprendidas entre os 12 anos e menores de 18 anos, deberá adxuntar o permiso paterno/materno ou do seu representante legal ou titor.

OBXECTIVOS

Art. 6º.- a) Promover unha toma de conciencia crítica e sensible respecto do ambiente, dos seus problemas e dos riscos que comprometa a súa deterioración para o conxunto da humanidade, así como para a diversidade e calidade da vida.

b) Adquirir coñecementos significativos para unha comprensión complexa e globalizada do ambiente, dos diferentes factores e procesos (físico-naturais, socio-económicos e culturais) que o definen, favorecendo a súa aplicabilidade na análise, interpretación e avaliación das realidades ambientais, así como nas actuacións que sexa preciso adoptar para prever ou resolver problemas nos planos local, rexional, nacional e/ou planetario.

c) Desenvolver actitudes acordes cunha concepción integral e sistemática do ambiente, mediante a que se posibilite unha comprensión básica das principais cuestións ambientais, da súa natureza interdisciplinar e complexa.

d) Promover e desenvolver actitudes, valores e comportamentos ambientais, congruentes cun pensamento e unha ética ecolóxica orientada por criterios de solidariedade, equidade e xustiza social.

e) Habilitar e desenvolver competencias relativas a estilos de vida sostibles, posibilitando a súa concreción en iniciativas e prácticas cotiás, respectuosas cos dereitos sociais e ambientais, en diferentes contextos e de modo autónomo.

f) Incentiva-la participación social, nos planos individual e colectivo, incrementando substantivamente os niveis de información e corresponsabilidade cidadá en cuestións ambientais, cun protagonismo e unha capacidade de decisión axustada ó pleno exercicio dos dereitos civís e democráticos.

DESTINATARIOS E FINALIDADES

Art. 7º.- A información será de carácter Inicial, irá dirixida ás persoas que reciben por vez primeira aprendizaxes e competencias relativas á educación ambiental, sexa no sistema educativo (desde a educación infantil ata as universidades) ou outros contextos institucionais (empresas, sindicatos, etc.), por un período máis ou menos longo.

Artº 8 .- A formación según os destinatarios e as finalidades será de carácter Xeral, irá destinada ó gran público, coa pretensión de propicia-la adquisición dun mínimo de saberes e de saber facer relativo ó medio ambiente.

PROGRAMAS E METODOLOXIA

Artº 9 .- a) Estableceranse os mecanismos de comunicación e coordinación entre as institucións educativas e as entidades promotoras de actividades de educación ambiental non formal para que os programas e proxectos se adecuen ó nivel cultural dos destinatarios, especialmente a hora de programar actividades coa poboación escolar, que é a principal receptora de tales programas.

b) Desenvolver un maior número de iniciativas de educación ambiental especialmente dirixidas a outros sectores da sociedade distintos dos escolares: consumidores, adultos, terceira idade, discapacitados, grupos de risco social, etc. e que teñan en conta as súas peculiaridades.

c) Promover accións educativas e socioculturais que permitan a participación das persoas maiores e dos adultos en xeral na recuperación e preservación do patrimonio cultural e das tradicións coherentes coa idea do desenvolvemento sostible.

d) Incrementa-los recursos económicos destinados por tódolos axentes implicados no desenvolvemento de programas e actividades de educación ambiental.

Artº 10.- Elaborar unha programación anual de actividades, expresando obxetivos, contidos, avaliación e atención á diversidade. Entre o tipo de actividades cabe salientar:

- Charlas divulgativas – Saída ó campo – Percorrido de itinerarios e visitas a lugares de interese - Exposicións – Proxección de audiovisuais – Campañas de divulgación – Presentación de material gráfico (adhesivos, carteis) – Xornadas e cursos – estadía en centros ambientais – Talleres ambientais – Traballo con unidades didácticas – Xogos de simulación, exposicións e xogos interactivos.

Artº 11.- Elaborar unha memoria anual na que se indiquen os logros, as dificultades e as incidencias máis significativas.

Artº 12.- Levar un rexistro das actividades que se levan a cabo o longo do ano.

Artº 13.- Elaborar materiais didácticos coherentes coa programación.

Artº 14.- Ofrecer programas de actividades de educación ambiental para diferentes grupos sociais e de idade, ademais dos dirixidos a estudantes de ensino primario e secundario.

Artº 15..- Realizar, entre outras, actividades relacionadas co aforro e aproveitamento da enerxía, consumo responsable e hábitos que propicien a sostibilidade.

Artº 16.- Realizar, actividades para o coñecemento do patrimonio natural, artístico, histórico, etnográfico, antropológico, etc., do territorio da Comunidade de Galicia.

Artº 17.- A financiación de tódalas actividades así como dos materiais necesarios para as mesmas, será con cargo ós Presupostos Municipais; sen prexuízo de que dende o Departamento de Medio Ambiente do Concello se poidan pedir subvencións destinadas as actividades das Patrullas Verdes.

Artº 18..- Dende o Departamento de Medio Ambiente promoverase a firma de convenios de colaboración coas Administracións Públicas, e tamén coa iniciativa privada. Estes tipos de convenios poderán ser tanto económicos coma científicos ou educativos. A finalidade será sempre destinada a promover o bo funcionamento das Patrullas Verdes.

Artº 19..- Mante-la actividade, na maior medida posible, durante todo o ano, adaptando se fose o caso, a oferta de actividades a cada período estacional.

OBRIGAS E DEREITOS

Artº 20.- Os/as voluntarios/as pertencentes as Patrullas Verdes, reuniránse, en principio tódolos sábados pola mañá en lugar e hora que será debidamente comunicado a todos eles con antelación.

Artº 21 .- Os/as voluntarios/as que soliciten formar parte das Patrullas Verdes, deberán durante un período de tres meses asistir a unhas charlas de carácter formativo. As persoas que necesiten máis tempo tamén se lle permitirá o tempo que se estime necesario.

Artº 22 .- Os/as voluntarios/as que demostren ter superado este período de formación, equiparáselles con un traxe de chaqueta e pantalón verde, debidamente rotulado, o cal deberá manter en perfecto estado de conservación, e que usará cando se estea desenrolando unha actividade que teña relación coas Patrullas Verdes.

Artº 23 .- Todo voluntario/a que desexe abandonar ou deixar de formar parte das Patrullas Verdes, poderá facelo cando o considere oportuno, sempre e cando o solicite por escrito, e no caso dos menores de idade deberán acompañar a solicitude cun xustificante dos pais, titores ou representantes legais. O mesmo tempo se estivesen en posesión do traxe de chaqueta e pantalón, deberán devolvelo.

Artº 24 .- Os riscos na realización das actividades das patrullas verdes estarán cubertos por un seguro de accidentes para aqueles que puidesen sobrevivirle durante o seu desenrolo, abarcando indemnizacións por diminución física, invalidez temporal ou permanentes, falecemento e asistencia médico-farmacéutica.

Os danos e perxuizos que poida causar un membro das patrullas verdes durante o desenrolo das actividades estarán cubertos por un seguro de responsabilidade civil. Non obstante, o Concello, segundo o previsto na Lei de Responsabilidades da Administración Pública, fará fronte a aqueles danos que non estean amparados polo seguro.

As modalidades das correspondentes pólizas de seguros e contías das indemnizacións serán fixadas polo Concello Pleno a proposta do Concelleiro de Medio Ambiente.

DISPOSICIÓN FINAIS

1ª.- Pola Alcaldía, Concelleiro de Medio Ambiente ou funcionario do Departamento de Medio Ambiente designado polo Alcalde, dictaranse as instrucións e directrices que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste Regulamento.

2ª.- Este Regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente e publicado o texto integro no Boletín Oficial de Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril.